

ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREIRO



A saúde dos castiñeiros é fundamental para o ecosistema de moitos soutos e localidades de Galicia.

LUIS BLANCO

Loita contra o cancro do castiñeiro

F.D.
OURENSE

■ A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural traballa dende o ano 2003 coa Deputación de Pontevedra -mediante a Estación Fitopatolóxica de Areiro- desenvolvendo unha liña de investigación de loita biolóxica do cancro do castiñeiro, co obxectivo de controlar a súas consecuencias, así como de mellorar e conservar o patrimonio natural dos soutos de Galicia.

Para levar a cabo esta loita biolóxica, realizouse un estudo profundo da natureza e distribución deste fungo co obxecto de atopar cepas hipovirulentas que en contacto coas cepas daniñas as controlen diminuíndo e anulando a súa actividade.

LIÑA DE TRABALLO

O cancro do castiñeiro, *Cryphonetria parasitica*, presenta dous tipos de cepas,

unhas moi agresivas e virulentas que producen graves danos na arbore e a posterior morte, e outras menos activas, as chamadas cepas hipovirulentas que teñen a súa actividade atenuada e que controlan os danos feitos polas primeiras.

Na primeira fase desta liña de traballo se buscaron estas cepas hipovirulentas compatibles coas hipervirulentas e se desenvolveu en laboratorio unha técnica de produción, conservación e inoculación das mesmas.

Posteriormente, se procedeu a inoculación controlada nunha serie de parcelas experimentais e se comprobou ao longo de case tres anos o óptimo control biolóxico da enfermidade, dependendo da severidade e tamaño dos chancros.

Nunha última fase experimental que se está a realizar, inoculáronse fóra destas parcelas iniciais preto dun

A TÉCNICA DA APLICACIÓN DO INÓCULO HIPOVIRULENTO OBTIVO ATA O DE AGORA RESULTADOS MOI SATISFACTORIOS

millar de castaños, as árbores inoculados son marcados e xeoreferenciados para o seu posterior análise, seguimento e evolución dos chancros existentes, e se está a observar a súa evolución có fin de plantexar o inicio dun plan de control da enfermidade de cara aos vindeiros anos.

Esta técnica consiste na aplicación de inóculo hipovirulento. O procedemento para a inoculación lévase a cabo no contorno da lesión,



Os castiñeiros son unha das árbores máis importantes de Galicia.

LUIS BLANCO

mediante un sacabocados, sobre os troncos e nas ramas da cortiza lisa, de maneira que permita observar o límite dos tecidos sans e enfermos. En cada buraco realizado, procédese a introducir o micelio hipovirulen-

to compatible, sendo tapado con cinta adhesiva, para evitar deste xeito a perda ou desecación do micelio. A cicatrización non tarda moito en comezar, ao redor de 8-12 meses, non afectando a calidade da madeira.

Os resultados obtidos foron moi satisfactorios, polo que se está a seguir co desenvolvemento dos traballos de investigación, no campo do inóculo hipovirulento, facendo un seguimento das árbores tratadas. ■